

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Orde do 29 de decembro de 2010 pola que se convocan, con carácter gratuíto, cursos de linguaxe administrativa galega e cursos preparatorios para os certificados de lingua galega, Celga, que se realizarán nos períodos e nas escolas oficiais de idiomas de Galicia que se indican.

O Estatuto de autonomía de Galicia establece que os poderes públicos de Galicia deberán garantir o uso normal e oficial do idioma galego, e potenciar o seu emprego. Neste sentido, o artigo 1º do Decreto 332/2009, do 11 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, dispón que a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria é o órgano da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia ao cal lle corresponden as competencias e funcións en materia de promoción e o ensino da lingua galega, así como a dirección, planificación, coordinación e execución da política lingüística da Xunta de Galicia.

Pola súa parte, o artigo 59º da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, establece que as escolas oficiais de idiomas teñen por obxecto capacitar o alumnado para o emprego axeitado dos idiomas fóra das etapas ordinarias do sistema educativo, cunha organización en tres niveis: básico, intermedio e avanzado. Nesta mesma lei, no punto 4 do artigo 60º, establécese que, de acordo co que establezan as administracións educativas, as escolas oficiais de idiomas poderán impartir cursos para a actualización dos coñecementos de idiomas e para a formación do profesorado e doutros colectivos profesionais.

Por iso, no uso das funcións que a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria ten atribuídas,

DISPOÑO:

Artigo 1º.-*Obxecto.*

Esta orde ten por obxecto convocar, con carácter gratuíto, cursos de linguaxe administrativa galega de nivel medio e superior, e cursos preparatorios para a consecución dos certificados de lingua galega (Celga), nos niveis 1, 2, 3 e 4, para o ano 2011, nas escolas oficiais de idiomas de Galicia que se indican nos anexos II e IV, respectivamente.

Os cursos impartiranse en dúas quendas: a primeira comezará en febreiro/marzo de 2011 e a

segunda en outubro de 2011, en horario de mañá ou de tarde.

Artigo 2º.-*Beneficiarios dos cursos.*

a) Os cursos de linguaxe administrativa galega de nivel medio e superior van dirixidos ao persoal das diferentes administracións públicas de Galicia que se encontre en situación de servizo activo ou excedencia polo coidado dun fillo ou dun familiar. Exceptúase o persoal docente da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e o persoal sanitario, sempre que non desempeñen postos na Administración xeral.

Toda persoa solicitante que, ao inicio do curso, se atope en situación de baixa laboral por incapacidade temporal quedará automaticamente excluída da listaxe do persoal seleccionado.

Poderán tamén solicitar a realización destes cursos as persoas maiores de dezaseis anos que non sexan empregados/as públicos/as e posúan os certificados ou acreditacións equivalentes recollidos na letra a) do artigo 3º desta orde, pero as súas solicitudes só serán tidas en conta no caso de que non se cubran as prazas ofertadas para cada curso por empregados/as públicos/as.

b) Os cursos preparatorios para os certificados de lingua galega, Celga, van dirixidos a todas as persoas maiores de dezaseis anos, ou aqueles que os cumpran no ano natural da convocatoria, que desexen certificar a súa competencia en lingua galega.

Artigo 3º.-*Solicitudes e prazos.*

a) Para os cursos de linguaxe administrativa galega, as solicitudes (utilizando o modelo de instancia que figura como anexo I desta orde) presentaranse na secretaría da escola oficial de idiomas onde teña lugar o curso, sen prexuízo do dereito á presentación de acordo co disposto no artigo 38º.4 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. Neste caso, remitirase unha copia da solicitude de matrícula e a documentación requirida por fax ou correo electrónico á escola oficial de idiomas correspondente, sempre coa maior celeridade posible para que poida ser tida en conta na selección.

Os prazos para a presentación das solicitudes serán os seguintes:

-Para a quenda de febreiro/marzo: 20 días naturais contados a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*.

-Para a quenda de outubro: do 1 ao 20 de setembro de 2011.

O alumnado que aspire a participar no curso medio de linguaxe administrativa engadiralle ao modelo de solicitude unha copia compulsada da certificación que acredite que ten superado ou validado o curso básico de linguaxe administrativa galega, de perfeccionamento de lingua galega ou certificado de lingua galega 4 (Celga 4).

O alumnado que aspire a participar no curso superior de linguaxe administrativa engadiralle ao modelo de solicitude unha copia compulsada da certificación que acredite que ten superado ou validado o curso medio de linguaxe administrativa galega.

Só se poderá facer unha solicitude, dun único curso nunha soa escola oficial de idiomas. De existir máis dunha solicitude do mesmo aspirante, anuláranse todas as súas peticións.

b) Para os cursos preparatorios de lingua galega, Celga, as solicitudes, segundo o modelo que figura no anexo III desta orde, presentaranse na secretaría da escola oficial de idiomas onde teña lugar o curso a partir do día seguinte ao da publicación desta orde e ata cinco días antes da data establecida por cada escola oficial de idiomas para o inicio do curso, sen prexuízo do dereito á presentación de acordo co disposto no artigo 38º.4 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. Neste caso remitirase unha copia da solicitude de matrícula e a documentación requirida por fax ou correo electrónico á escola oficial de idiomas correspondente, sempre coa maior celeridade posible para que poida ser tida en conta na selección.

Artigo 4º.-*Asignación das prazas.*

Os cursos terán un número mínimo de 15 participantes e un número máximo de 25.

Se un curso ten máis solicitantes que cumplan os requisitos que prazas dispoñibles, a asignación farase por sorteo. Finalizado o prazo de solicitude, cada escola fará un sorteo en acto público no que se extraerá unha letra de prioridade para o primeiro apelido.

As escolas oficiais de idiomas ordenarán alfabeticamente as listaxes de aspirantes que cumplan os requisitos para cada curso polo primeiro apelido, o segundo apelido, o primeiro nome e, de ser o caso, o segundo nome. As prazas para cada curso que se celebre nesa escola adxudicaranse, seguindo a orde da listaxe de aspirantes, e comezando pola primei-

ra persoa cuxo primeiro apelido coincida coa letra obtida no sorteo. De non haber aspirantes co primeiro apelido da letra obtida no sorteo, pasarase á letra inmediatamente seguinte por orde alfabética.

As listas de seleccionados para participar tanto nos cursos de linguaxe administrativa galega como nos cursos preparatorios para os certificados de lingua galega, Celga, así como as datas de comezo destes, faranse públicas nos taboleiros de anuncios da escola oficial de idiomas en que terá lugar o curso e na súa páxina web.

No caso de que un curso non acade o número mínimo de participantes, decaerá a súa realización, agás autorización expresa da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa. No caso de suspensión do curso, a escola oficial de idiomas comunicará esta circunstancia aos solicitantes.

Artigo 5º.-*Características dos cursos de linguaxe administrativa galega: contidos, profesorado e avaliación.*

1. Os cursos axustaranse aos contidos sinalados na Orde do 1 de abril de 2005 (DOG nº 71, do 14 de abril), pola que se regulan os cursos de formación en lingua galega e as validacións correspondentes, e na Orde do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (Celga).

2. Cada curso terá unha duración de 75 horas (60 horas lectivas, coa obrigada presenza de todo o alumnado, e 15 horas de tratamento individualizado, nas que o alumnado poderá realizar actividades específicas de reforzo e/ou actividades prácticas complementarias).

3. Con carácter xeral, corresponderalle ao profesorado dos departamentos didácticos de galego con destino definitivo nas escolas oficiais de idiomas programar e impartir os contidos sinalados na Orde do 1 de abril de 2005 (DOG nº 71, do 14 de abril), de acordo coas necesidades e o desenvolvemento do curso, así como avaliar ao alumnado e levar os correspondentes rexistros de asistencia. Igualmente, o profesorado de cada curso será o responsable de elaborar a acta final na que figurará a relación de aptos e non aptos, que deberá ser remitida aos correspondentes gabinetes provinciais de Normalización Lingüística da Secretaría Xeral de Política Lingüística, nun prazo non superior a 15 días ao remate do curso, para proceder á expedición do certificado ao que se refire o punto 7 deste artigo.

4. A cualificación do alumnado dos cursos de linguaxe administrativa galega deberá responder aos

principios de avaliación continua, e terá en conta o dominio oral e escrito no idioma galego, e tamén, entre outros elementos, o traballo diario na aula, os traballos teóricos e prácticos, así como a asistencia. En calquera caso, a cualificación final do alumnado expresarase nos termos de apto ou non apto.

5. Todas as actividades que se realicen nestes cursos faranse en galego e ateranse no referente á normativa e ao uso correcto do idioma, tal e como determina a disposición adicional da Lei 3/1983, de normalización lingüística, ao establecido pola Real Academia Galega na sesión plenaria do 12 de xullo do ano 2003. Do mesmo xeito acordarase especialmente o respecto rigoroso da toponimia oficial nos temas previstos no artigo 10º da citada lei.

6. A asistencia ás clases é obrigatoria. A ausencia, xustificada ou non, de cada un dos asistentes non poderá ser superior ao 10% da duración total do curso.

7. Ao remate de cada curso, aos asistentes que superaran as distintas fases da avaliación outorgaráselles un certificado coa cualificación de apto. Este certificado será emitido pola Secretaría Xeral de Política Lingüística, a través dos gabinetes provinciais de Normalización Lingüística da Secretaría Xeral de Política Lingüística.

Artigo 6º.-Características dos cursos preparatorios para os certificados de lingua galega, Celga: contidos, profesorado e avaliación.

1. Os cursos axustaranse aos contidos sinalados na Orde do 16 de xullo de 2007 pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (Celga).

2. Cada curso terá unha duración de 60 horas lectivas.

3. Corresponderalle ao profesorado dos departamentos didácticos de galego das escolas oficiais de idiomas programar e impartir os contidos sinalados na Orde do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (Celga), de acordo coas necesidades e o desenvolvemento do curso.

4. Todas as actividades que se realicen nestes cursos faranse en galego e ateranse no referente á normativa e ao uso correcto do idioma establecido pola Real Academia Galega na sesión plenaria do 12 de xullo do ano 2003, de conformidade coa disposición adicional da Lei 3/1983, de normalización lingüística.

ca. Do mesmo xeito acordarase especialmente o respecto rigoroso da toponimia oficial nos temas previstos no artigo 10º da citada lei.

5. A realización do curso non dará dereito a ningún tipo de certificación, por tratarse dun curso preparatorio para as probas conducentes á obtención dos certificados de lingua galega, Celga, cuxa expedición compete á Secretaría Xeral de Política Lingüística.

Artigo 7º.-Cursos que se ofertan.

1. Os cursos de linguaxe administrativa galega ofertados nas distintas escolas oficiais de idiomas de Galicia figuran no anexo II desta orde.

2. A oferta dos cursos preparatorios para os certificados de lingua galega, Celga, aparece no anexo IV.

3. A oferta de cursos recollida nesta orde poderá ser ampliada en función da organización académica de cada escola, en cuxo caso as escolas oficiais de idiomas farán pública a nova oferta con anterioridade suficiente ao inicio dos cursos.

Disposición derradeira

Única.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Contra esta orde, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer potestativamente recurso de reposición perante o mesmo órgano que a ditou, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no DOG, segundo o disposto nos artigos 116º e 117º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común ou interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados desde a mesma data, segundo prevé o artigo 46º da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 29 de decembro de 2010.

Jesús Vázquez Abad
Conselleiro de Educación e Ordenación
Universitaria



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

ANEXO I

PROCEDEMENTO CURSOS DE LINGUAXE ADMINISTRATIVA GALEGA QUE TERÁN LUGAR NAS ESCOLAS OFICIAIS DE IDIOMAS DE GALICIA	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO ED104G	DOCUMENTO SOLICITUDE
--	---	--------------------------------

DATOS DO SOLICITANTE

APELLIDOS		NOME		NIF	
ENDEREZO		LOCALIDADE			
CONCELLO	PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO		
CORPO, ESCALA OU CATEGORÍA *		GRUPO*	Nº DE REGISTRO DE PERSOAL*		
DENOMINACIÓN DO POSTO *		CENTRO DE DESTINO ACTUAL*			
ADMINISTRACIÓN* <input type="checkbox"/> Local <input type="checkbox"/> Autonómica <input type="checkbox"/> Estatal		ENDEREZO DO POSTO DE TRABALLO ACTUAL (RÚA E Nº)			
LOCALIDADE DE TRABALLO*	PROVINCIA*	CÓDIGO POSTAL*	TELÉFONO OFICINA (EXTENSIÓN) *		

* Cubrir só no caso de persoal das administracións públicas

DATOS DO CURSO SOLICITADO

NIVEL <input type="checkbox"/> MEDIO <input type="checkbox"/> SUPERIOR	ORDE DE CONVOCATORIA	Nº DE DOG	DATA DE PUBLICACIÓN
ESCOLA OFICIAL DE IDIOMAS DE	DATA DE INICIO	DÍAS E HORAS	

DOCUMENTACIÓN QUE HAI QUE ACHEGAR

<input type="checkbox"/> Xustificante de ser personal ao servizo das diferentes administracións públicas de Galicia.
<input type="checkbox"/> Nivel medio: copia compulsada do certificado de acreditación de ter superado ou validado o curso básico de linguaxe administrativa ou o curso de perfeccionamento de lingua galega.
<input type="checkbox"/> Nivel superior: copia compulsada do certificado de acreditación de ter superado ou validado o curso medio de linguaxe administrativa galega.

DECLARACIÓN XURADA:

Declaro baixo xuramento que todos os datos da solicitude son certos.

En cumprimento do disposto no artigo 5º da Lei orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal, infórmase de que os datos persoais recollidos nesta solicitude serán incorporados a un ficheiro para o seu tratamento coa finalidade da xestión deste procedemento. Se o desexa pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei, dirixindo un escrito a esta consellería como responsable do ficheiro, no enderezo que figura ao pé desta solicitude.

LEXISLACIÓN APLICABLE <i>Orde do 29 decembro de 2010 pola que se convocan, con carácter gratuito, cursos de linguaxe administrativa galega e cursos preparatorios para os certificados de lingua galega, Celga, que se realizarán nos períodos e nas escolas oficiais de idiomas de Galicia que se indican.</i>	(Para cubrir pola Administración)	NÚMERO DE EXPEDIENTE
SINATURA DO/A SOLICITANTE	RECIBIDO	DATA DE ENTRADA
	REVISADO E CONFORME	DATA DE EFECTOS
		DATA DE SAÍDA

Consellería de Educación e Ordenación Universitaria
Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa

ANEXO II

Relación de cursos de linguaxe administrativa ofertados

EOI de Ferrol
Real, 29
15402 Ferrol (A Coruña)
Tlfn.: 981 32 40 25
Fax: 981 37 01 45
eoi.ferrol@edu.xunta.es

Nivel	Data de inicio	Data de fin	Horarios		Días
			Mañá	Tarde	
Superior	Febreiro 2011	Maio 2011	10.00-12.00	—	Luns, mércores e venres
Medio	Outubro 2011	Decembro 2011	9.30-11.30	—	Luns, mércores e venres
Medio	Outubro 2011	Febreiro 2012	—	16.30-18.30	Martes e xoves

EOI de Santiago de Compostela
Ulpiano Villanueva, 1-2
15705 Santiago de Compostela
Tlfn.: 981 55 47 10
Fax: 981 55 48 75
eoi.santiago@edu.xunta.es

Nivel	Data de inicio	Data de fin	Horarios		Días
			Mañá	Tarde	
Medio	Febreiro 2011	Maio 2011	13.00-15.00	—	Martes, xoves e venres
Superior	Febreiro 2011	Maio 2011	11.00-13.00	—	Martes, xoves e venres
Superior	Febreiro 2011	Maio 2011	13.00-15.00	—	Luns, martes e xoves
Medio	Outubro 2011	Xaneiro 2012	Por determinar	—	Por determinar
Medio	Outubro 2011	Xaneiro 2012	Por determinar	—	Por determinar
Superior	Outubro 2011	Xaneiro 2012	—	Por determinar	Por determinar
Superior	Outubro 2011	Xaneiro 2012	Por determinar	—	Por determinar

EOI de Lugo
Ronda Músico Xosé Castiñeira, 1
27002 Lugo
Tlfn.: 982 28 48 93
Fax: 982 28 48 94
eoi.lugo@edu.xunta.es

Nivel	Data de inicio	Data de fin	Horarios		Días
			Mañá	Tarde	
Medio	Febreiro 2011	Maio 2011	13.00-15.00	—	Martes, mércores e xoves
Superior	Febreiro 2011	Maio 2011	12.00-15.00	—	Luns e venres
Medio	Outubro 2011	Febreiro 2012	12.00-14.30	—	Por determinar
Superior	Outubro 2011	Febreiro 2012	12.00-15.00	—	Por determinar

EOI de Ourense
Mestre Vide, s/n
32004 Ourense
Tlfn.: 988 36 60 73
Fax: 988 36 61 84
eoi.ourense@edu.xunta.es

Nivel	Data de inicio	Data de fin	Horarios		Días
			Mañá	Tarde	
Medio	Marzo 2011	Maio 2011	8.30-11.30	—	Martes e venres
Superior	Marzo 2011	Maio 2011	9.00-12.00	—	Martes e venres
Medio	Outubro 2011	Xaneiro 2012	8.30-11.30 8.30-11.00	—	Mércores Venres
Medio	Outubro 2011	Decembro 2011	—	20.30-22.00	Luns, martes, mércores e xoves
Superior	Outubro 2011	Xaneiro 2012	8.30-11.30 8.30-11.00	—	Martes Venres
Superior	Outubro 2011	Xaneiro 2012	12.00-15.00 12.00-14.30	—	Martes Venres

EOI de Pontevedra
Celso Emilio Ferreiro, s/n
36005 Pontevedra
Tlfn.: 988 83 30 18
Fax: 986 87 39 70
eoi.pontevedra@edu.xunta.es

Nivel	Data de inicio	Data de fin	Horarios		Días
			Mañá	Tarde	
Medio	Febreiro 2011	Maio 2011	9.00-12.00	—	Martes e xoves
Superior	Febreiro 2011	Maio 2011	9.00-11.00	—	Luns, mércores e venres
Superior	Febreiro 2011	Maio 2011	12.00-15.00	—	Luns e mércores
Superior	Marzo 2011	Maio 2011	—	16.30-19.30	Martes e xoves
Medio	Outubro 2011	Febreiro 2012	Por determinar	—	Por determinar
Medio	Outubro 2011	Febreiro 2012	Por determinar	—	Por determinar
Medio	Outubro 2011	Febreiro 2012	—	Por determinar	Por determinar

EOI de Vigo
Avenida Emilio Martínez Garrido, 17
36205 Vigo
Tlfn.: 986 26 02 10
Fax: 986 26 25 99
eoi.vigo@edu.xunta.es

Nivel	Data de inicio	Data de fin	Horarios		Días
			Mañá	Tarde	
Superior	Febreiro 2011	Xuño 2011	9.00-11.00	—	Mércores e venres
Medio	Febreiro 2011	Xuño 2011	9.00-11.00	—	Martes e xoves
Medio	Outubro 2011	Febreiro 2012	11.00-13.00	—	Martes e xoves
Superior	Outubro 2011	Febreiro 2012	9.00-11.00	—	Mércores e venres
Superior	Outubro 2011	Febreiro 2012	—	18.00-20.00	Martes e xoves



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

ANEXO III

PROCEDEMENTO CURSOS PREPARATORIOS PARA OS CERTIFICADOS DE LINGUA GALEGA, CELGA, QUE TERÁN LUGAR NAS ESCOLAS OFICIAIS DE IDIOMAS DE GALICIA	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO ED104H	DOCUMENTO SOLICITUDE
--	---	--------------------------------

DATOS DO/A SOLICITANTE

D/DNA.		NIF	
[]		[]	
ENDEREZO	PROVINCIA	CONCELLO	
[]	[]	[]	
LOCALIDADE	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	FAX
[]	[]	[]	[]
CORREO ELECTRÓNICO			
[]			

DATOS DO CURSO SOLICITADO

NIVEL	<input type="checkbox"/> CELGA 1	<input type="checkbox"/> CELGA 2	<input type="checkbox"/> CELGA 3	<input type="checkbox"/> CELGA 4
ESCOLA OFICIAL DE IDIOMAS DE	DATA DE INICIO	DÍAS E HORAS		
[]	[]	[]		

En cumprimento do disposto no artigo 5º da Lei orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal, infórmoo/a de que os datos persoais recollidos nesta solicitude se incorporarán a un ficheiro, para o seu tratamento, coa finalidade da xestión deste procedemento. Vostede pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei, mediante un escrito dirixido a esta consellería como responsable do ficheiro (o enderezo figura ao pé desta solicitude).

LEXISLACIÓN APLICABLE <i>Orde do 29 de decembro de 2010 pola que se convocan, con carácter gratuíto, cursos de linguaxe administrativa galega e cursos preparatorios para os certificados de lingua galega, Celga, que se realizarán nos períodos e nas escolas oficiais de idiomas de Galicia que se indican.</i>	(Para cubrir pola Administración)	NÚMERO DE EXPEDIENTE _____
SINATURA DO/A SOLICITANTE _____, de _____ de 2011		RECIBIDO []
	REVISADO E CONFORME []	DATA DE ENTRADA ____/____/____
		DATA DE EFECTOS ____/____/____
		DATA DE SAÍDA ____/____/____

ANEXO IV
Relación de cursos Celga ofertados

EOI de Ferrol
Real, 29
15402 Ferrol (A Coruña)
Tlfn.: 981 32 40 25
Fax: 981 37 01 45
eoi.ferrol@edu.xunta.es

Nivel	Data de inicio	Data de fin	Horarios		Días
			Mañá	Tarde	
Celga 4	Febreiro 2011	Xuño 2011	—	16.30-18.30	Martes e xoves
Celga 2	Outubro 2011	Decembro 2011	11.30-13.30	—	Luns, mércores e venres
Celga 3	Outubro 2011	Febreiro 2012	—	18.30-20.30	Martes e xoves

EOI de Santiago de Compostela
Ulpiano Villanueva, 1-2
15705 Santiago de Compostela
Tlfn.: 981 55 47 10
Fax: 981 55 48 75
eoi.santiago@edu.xunta.es

Nivel	Data de inicio	Data de fin	Horarios		Días
			Mañá	Tarde	
Celga 4	Febreiro 2011	Maio 2011	—	18.30-21.30	Luns, mércores
Celga 4	Outubro 2011	Xaneiro 2012	Por determinar	—	Por determinar

EOI de Lugo
Ronda Músico Xosé Castiñeira, 1
27002 Lugo
Tlfn.: 982 28 48 93
Fax: 982 28 48 94
eoi.lugo@edu.xunta.es

Nivel	Data de inicio	Data de fin	Horarios		Días
			Mañá	Tarde	
Celga 3	Febreiro 2011	Maio 2011	9.30-12.00	—	Martes e venres
Celga 4	Febreiro 2011	Maio 2011	9.30-12.00	—	Martes e xoves

EOI de Ourense
Mestre Vide, s/n
32004 Ourense
Tlfn.: 988 36 60 73
Fax: 988 36 61 84
eoi.ourense@edu.xunta.es

Nivel	Data de inicio	Data de fin	Horarios		Días
			Mañá	Tarde	
Celga 2	Marzo 2011	Maio 2011	—	16.30-18.30	Luns, mércores, xoves
Celga 4	Marzo 2011	Maio 2011	10.30-12.30	—	Martes, xoves, venres

EOI de Vigo
Avenida Emilio Martínez Garrido, 17
36205 Vigo
Tlfn.: 986 26 02 10
Fax: 986 26 25 99
eoi.vigo@edu.xunta.es

Nivel	Data de inicio	Data de fin	Horarios		Días
			Mañá	Tarde	
Celga 1	Febreiro 2011	Xuño 2011	—	18.00-20.00	Mércores e venres
Celga 4	Febreiro 2011	Xuño 2011	10.30-12.30	—	Martes e xoves
Celga 4	Febreiro 2011	Xuño 2011	—	18.00-20.00	Mércores e venres
Celga 1	Outubro 2011	Febreiro 2012	—	18.00-20.00	Mércores e venres
Celga 3	Outubro 2011	Febreiro 2012	10.30-12.30	—	Martes e xoves
Celga 4	Outubro 2011	Febreiro 2012	—	18.00-20.00	Mércores e venres

CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR

Orde do 31 de decembro de 2010 pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria pública para a concesión de subvencións para a realización de actividades de información, orientación e busca de emprego.

A evolución do mercado de traballo e o incremento do desemprego fan necesario articular medidas que inclúan accións de atención constante e especializada dirixidas a aqueles colectivos con dificultades de inserción laboral. O permanente cambio, froito das evolucións sociais, tecnolóxicas e organizativas, comporta unha dificultade engadida para as persoas que buscan un emprego e fanse necesarios, a miúdo, procesos de orientación e asesoramento especializados que lles presten colaboración ás persoas demandantes de emprego e lles faciliten o camiño cara ao mercado laboral. As directrices de emprego da Unión Europea e os plans nacionais de acción para o emprego recollen como actuación prioritaria a mellora da capacidade da inserción laboral dos desempregados a través da información e a orientación profesional personalizada.

O novo escenario económico xustifica a necesidade de fortalecer as ditas accións de orientación, para mellorar a empregabilidade dos desempregados e facilitar a recolocación dos que procedan dos sectores máis afectados pola nova conxuntura económica.

Con este obxectivo, no ano 1998, o Instituto Nacional de Emprego estableceu un sistema de orientación laboral, baseado en accións de información, orientación e busca activa de emprego, coa finalidade de mellorar a ocupabilidade dos demandantes de